

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 13 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022 (código de procedemento PL500F).

A Xunta de Galicia, de acordo co previsto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, desenvolve as accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. As competencias nesta materia correspóndenlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo co disposto no Decreto 198/2020, do 20 de novembro (DOG núm. 242, do 1 de decembro), no que se establece a estrutura orgánica da extinta Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na actualidade, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; que está adscrita á antedicta consellería segundo o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Así mesmo, o 21 de setembro de 2004, aprobouse no Parlamento de Galicia, por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, o Plan xeral de normalización da lingua galega, desenvolvido, no seu momento, por instancia da antiga Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No dito plan recoméndanse unha serie de medidas de actuación segundo o sector social implicado. No que se refire á proxección exterior do galego, un dos obxectivos marcados no plan é o de «consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico».

No sentido apuntado, e a través de convenios de colaboración subscritos con universidades de fóra de Galicia interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino de lingua, literatura e cultura galegas, créanse os centros de estudos galegos, como órganos de referencia nestas universidades, a través dos que se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico senón tamén na súa área de influencia.

Son precisamente estes centros o instrumento idóneo para promover unha formación eminentemente práctica entre os titulados universitarios que cumpran cos requisitos de participación exixidos nesta convocatoria. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro dos seus programas de formación relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas,



dirixidos a unha ampla gama de destinatarios, ofrécelle a este colectivo a posibilidade de se incorporar aos centros de estudos galegos, co fin de completar a súa formación e de se situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción no mundo laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua, literatura e cultura galegas e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar, ou de completar, estudos de posgrao nas universidades de destino.

A desexable colaboración entre as distintas administracións, neste caso a Xunta de Galicia e as universidades, plasmada a través dos mencionados convenios nos que estas últimas adquiren, durante a súa vixencia, o compromiso de contratar e integrar no seu cadro de persoal docente un lector de lingua, literatura e cultura galegas, supón un impulso substancial ao obxectivo marcado no Plan xeral de normalización lingüística de fomentar a proxección exterior do galego no mundo académico da ensinanza superior.

Por outra parte, con base nos principios xerais que rexen as relacións entre as administracións públicas, consagrados no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades séntese na obriga de prestarlles ás universidades implicadas a súa cooperación, colaboración e asistencia activa para que poidan levar a cabo con eficacia o proceso de selección do lector ou lectora referido no parágrafo anterior.

Esta obriga legal de asistencia ten a súa orixe na circunstancia de que os centros de ensino de nivel superior onde se imparten as titulacións conducentes a conseguir a suficiente e adecuada acreditación académica para optar á praza de lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas sitúanse en Galicia.

Non obstante o anterior, a actuación da consellería quedará limitada a publicitar as bases da convocatoria a través daqueles medios de difusión que xulgue pertinentes, entre outros o *Diario Oficial de Galicia*, a colaborar na súa xestión administrativa, a prestarlles o asesoramento técnico que demanden e a darlle a adecuada difusión á resolución pola que as universidades adxudican as prazas convocadas.

En aplicación do previsto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), e do artigo 10.2 da Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo), as persoas que poden participar nesta convocatoria contan coa capaci-



dade técnica para acceder e dispoñer dos medios electrónicos necesarios. Polo tanto, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

En consecuencia, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Publícanse as bases reguladoras e anúnciase a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade, de 5 prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022 (código de procedemento PL500F) nos centros de estudos galegos localizados nas universidades que se relacionan na táboa seguinte:

Destino	Localidade	País
Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña)	Heidelberg	Alemaña
Christian-Albrechts-Universität zu Kiel (Alemaña)	Kiel	Alemaña
Universidade de Miño (Universidade do Minho)	Miño	Portugal
Universidade de Deusto/Deustuko Unibertsitatea (España)	País Vasco	España
Uniwersytet Warszawski (Polonia)	Varsovia	Polonia

Artigo 2. *Duración*

1. A contratación por parte das universidades das persoas seleccionadas abranguerá, como máximo, un período que non excederá dos 3 anos.

2. As datas previstas de incorporación e remate recóllense no anexo II, no que se describen as características principais de cada unha das prazas convocadas. En todo caso, respectarase a data de remate.

Artigo 3. *Retribucións*

1. O importe íntegro anual a percibir polos adxudicatarios tamén se indica, respecto de cada praza, no anexo II (especificacións das prazas).



2. Con cargo a este importe, os beneficiarios asumirán calquera gasto de tipo profesional ou persoal que se poida derivar da súa condición, é dicir: impostos, cotizacións sociais, gastos de locomoción, manutención e residencia, custos de matrícula e gastos de inscrición en actividades formativas, trámites administrativos, etc.

3. Estas persoas, de acordo co establecido no seu artigo 1 e por mor da relación laboral establecida coa universidade de destino, quedan fóra do ámbito de aplicación do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Artigo 4. *Programa de formación*

O programa de formación, que terá un marcado carácter práctico, estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e a organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua a literatura e a cultura galegas. As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades no marco do convenio asinado coas universidades de destino, baixo a dirección da persoa responsable do centro de estudos galegos e en permanente coordinación con este.

As ditas actividades non se limitarán ao ámbito académico universitario, senón que tamén abrangerán a súa área de influencia.

Artigo 5. *Requisitos*

1. Poderán participar nesta convocatoria as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

– Estar en posesión da nacionalidade española ou de calquera dos países membros da Unión Europea.

– Non padecer enfermidade ou limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desenvolvemento das actividades obxecto desta convocatoria.

– Non superar os 35 anos de idade na data de remate da presentación de solicitudes.



– Non atoparse incluídas en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Titulación académica:

a) Poderá solicitar calquera das prazas ofertadas quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura en Filoloxía Galega.
- Licenciatura en Filoloxía Románica.
- Grao en Lingua e Literatura Galegas.
- Grao en Estudos de Galego e Español.
- Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios.
- Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.
- Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.

b) Tamén se poderá presentar quen estea en posesión dalgunha das titulacións da área de humanidades, sempre que, como mínimo, acredite 18 créditos de lingua galega e estea en posesión do Celga 4 e, no caso de universidades de fóra de España, 21 créditos en materias da lingua oficial do país no que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

c) Ademais da titulación académica exixida, para poder solicitar a praza da Universidade de Heidelberg (Alemaña) deberán de estar en posesión de estudos de posgrao (máster) en áreas afíns ás mencionadas neste artigo, sempre que teñan unha especialización en galego.

2. Tamén poderán participar os lectores ou lectoras que, antes de rematar o período máximo de estadía, se visen obrigados a cesar na súa condición por causas alleas á súa vontade, sempre que esta circunstancia non derivase da resolución dun procedemento de tipo disciplinario.

CVE-DOG: tnlwmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8lxlet59ntx8



3. Quedan excluídas aquelas persoas que sexan lectores ou lectoras de lingua, literatura e cultura galegas, ou que o fosen no seu momento, agás nos supostos de cobertura provisional previstos no artigo 14.

Artigo 6. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As persoas interesadas poderán solicitar, como máximo, 3 destinos que deberán relacionar no anexo I por orde de preferencia.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, notificaráselle á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende os erros ou acompañe os documentos preceptivos. Unha vez que transcorra o dito prazo sen que se produza a emenda, considerarase que desiste da súa petición.

Artigo 7. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.



Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Prazo de presentación*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e o establecido para a súa emenda, publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no seu taboleiro de anuncios as listaxes provisionais de admitidos, excluídos, con indicación da causa que orixina esta situación, e desistidos.

Á vista das listaxes anteriores, as persoas interesadas disporán dun prazo de 5 días para presentar reclamación.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, a seguinte documentación:

a) Documento acreditativo da súa identidade (no caso de solicitantes estranxeiros que non dispoñan de NIE).

b) Currículo, no cal deben figurar todos os méritos alegados.

c) Xustificantes dos méritos alegados no currículo (na mesma orde na que aparezan relacionados neste).

d) Para cada destino solicitado, proxecto didáctico de docencia en prácticas aplicable á universidade solicitada, que incluírá como primeira epígrafe a explicación dos motivos da súa solicitude.

A extensión do proxecto didáctico non deberá superar as 25 páxinas, mecanografadas cun interliñado de espazo e medio, tipo de letra non superior a 14 puntos e presentadas en formato A4.

e) No caso de titulacións universitarias expedidas por universidades fóra de España, copia da titulación universitaria exixida no artigo 5 ou da acreditación de que foi solicitada.

f) En relación coa titulación exixida (nacionais ou estranxeiros), copia da certificación académica persoal ou acreditación de que foi solicitada, na cal debe constar a nota media do expediente académico, calculada en función do disposto na resolución da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de setembro de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 188, do 30 de setembro).

2. Os méritos alegados no currículo xustificaranse na forma indicada para a documentación complementaria. Os xustificantes disporanse a continuación do currículo, na mesma orde en que aparezan relacionados neste.

Non se valorará ningún mérito que non conste explicitamente no currículo ou que, no caso de figurar, non se xustifique adecuadamente ou se faga fóra do prazo de presentación de solicitudes.

CVE-DOG: tn1wmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8lxlet59ntx8



No caso de publicacións, xustificaranse mediante o envío dixital da obra, á cal se engadirán, se é o caso, a capa, a contracapa, a folia que conteña o ISBN, ISSN ou depósito legal e o índice. No caso de publicacións extensas permitirase a presentación destas de forma presencial dentro dos prazos previstos. Deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Os xustificantes dos méritos redactados nun idioma distinto aos oficiais en Galicia, para seren valorados, deberán acompañarse dunha tradución a algún destes, e incluírán ao pé unha declaración responsable asinada, cunha lenda que faga constar que se trata dunha tradución fiel do documento.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

CVE-DOG: tnlwmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8lxlet59ntx8



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Na presentación da documentación gardarase a seguinte orde: solicitude, documento acreditativo da identidade (de ser o caso), titulación académica, certificación académica persoal, currículo, xustificantes dos méritos alegados neste (na mesma orde en que aparecen relacionados nel) e proxecto/s didáctico/s.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) Verificación de títulos oficiais universitarios.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Comisión de Valoración*

1. Os méritos alegados polas persoas solicitantes serán valorados por unha comisión integrada polos representantes das respectivas universidades.

Presidirá a Comisión o representante da universidade cuxa relación de colaboración coa Xunta de Galicia, en relación co obxecto desta convocatoria e en función dos sucesivos convenios asinados, sexa a máis antiga. Actuará como secretario o representante da universidade en que se dea a circunstancia contraria.

2. A Comisión de Valoración poderá acordar a incorporación ás súas reunións de persoal de carácter técnico que contribúa a unha correcta valoración dos méritos alegados polos aspirantes ou a aclarar as dúbidas que lles poidan xurdir aos membros da dita comisión. Este persoal actuará con voz pero sen voto nas reunións da citada comisión.

Artigo 13. *Valoración de méritos*

1. A Comisión reunirse para valorar os méritos debidamente acreditados, de cada unha das solicitudes admitidas, de acordo cos criterios que se indican no anexo III desta orde.

2. Cando o número de solicitudes admitidas para un mesmo destino supere a contía de 12, limitarase o acceso á fase de exposición e defensa do proxecto didáctico aos doce candidatos que acaden as maiores puntuacións nos méritos 1 a 4 do anexo III (valoración de méritos).

En calquera caso, non accederán á fase anterior aqueles candidatos que non presentasen o proxecto didáctico en prazo.

3. A Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web institucional e comunicarlles aos solicitantes, a través do correo electrónico facilitado, a relación dos



candidatos seleccionados para a fase de exposición e defensa do proxecto didáctico, así como o lugar, a data e a hora de realización.

4. Será causa específica de desistencia non presentarse á exposición e defensa do proxecto didáctico.

Artigo 14. *Proposta de resolución*

1. Rematados os traballos por parte da Comisión de Valoración, as respectivas universidades formularán a proposta de resolución provisional baseada nas maiores puntuacións obtidas polos/as candidatos/as.

A adxudicación non poderá recaer sobre candidatos/as cunha valoración total inferior a 5 puntos.

2. Esta proposta de resolución provisional exporase a información pública, na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no seu taboleiro de anuncios, por un prazo de dez días, contados a partir do seguinte á data de publicación. Durante este prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen pertinentes nos lugares e nas formas indicados no artigo 6.

3. Se algún dos/das candidatos/as propostos/as tiver a intención de non aceptar a adxudicación da praza, deberá comunicalo expresamente dentro do prazo de alegacións e proporse o seguinte con maior puntuación; ante o rexeitamento deste, ofreceráselle ao situado a continuación, e así sucesivamente ata a súa cobertura.

4. En caso de empate, a orde virá dada pola puntuación obtida en cada epígrafe do anexo II, conforme a orde establecida no dito anexo.

Artigo 15. *Resolución*

1. Logo de rematar o prazo de alegacións e examinadas estas, se as houber, formularase a proposta de resolución definitiva.

2. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de 4 meses, contados a partir da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. De non se resolver neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.



3. No caso de funcionarios en servizo activo, a adxudicación dependerá de que obteñan o pase á situación administrativa correspondente, xa que é incompatible co desempeño dun posto de traballo na Administración pública.

4. A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na difusión pública da adxudicación das prazas convocadas.

5. Para os efectos do estipulado no artigo 16 e para cada destino ofertado, integrarán unha listaxe de suplentes aquelas solicitudes que, respectando a orde de prelación por puntuación, se situasen a continuación da persoa adxudicataria e, como mínimo, acadasen unha puntuación total igual a 5.

6. A concesión da praza e a percepción das retribucións non implica ningún tipo de relación laboral, ou de natureza similar, entre a Xunta de Galicia e as persoas beneficiarias.

Artigo 16. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas adxudicatarias sométense e quedan obrigadas a respectar, en todas as súas actuacións relacionadas co obxecto desta convocatoria, as normas que regulan o réxime de funcionamento e disciplinario que se apliquen en cada unha das universidades de destino. Responderán das súas actuacións, polo tanto, perante as ditas universidades.

As persoas adxudicatarias destinadas en universidades estranxeiras situadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes poderán desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, baixo a supervisión e coordinación destes, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

Artigo 17. *Substitucións*

1. Se, unha vez adxudicadas as prazas, algún dos beneficiarios renunciase aplicárase, para a súa cobertura provisional, o procedemento descrito no artigo 13.3 sobre a listaxe de suplentes a que fai referencia o artigo 14.4. Estas prazas deberán incluírse na seguinte convocatoria para a súa adxudicación mediante concurso público de méritos.

2. Cando sexa necesaria a substitución temporal do lector titular empregárase tamén o procedemento descrito no punto anterior. Esta substitución abranguerá o período que dure a causa que a orixina.



Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Réxime xurídico*

O réxime xurídico aplicable a esta convocatoria é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 (BOE núm. 176, do 25 de xullo), Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 20. *Recursos*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 a 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Disposición derradeira primeira

A persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2022

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: tnIwmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8lxlet59ntx8



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA DE LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS	PL500F	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
NACIONALIDADE			DATA DE NACEMENTO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

UNIVERSIDADES QUE SOLICITA (relaciónense por orde de preferencia)	
1º	
2º	
3º	



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e se compromete a manter o cumprimento das citadas obrigas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobramento da axuda.

7. Que en relación coa condición de persoal funcionario:

☐ Non ten a condición de persoal funcionario☐ Ten a condición de persoal funcionario e:☐ Non está en servizo activo☐ Está en servizo activo e pertence ao corpo

non obstante, comprométese a solicitar o paso á correspondente situación administrativa, no caso de ser seleccionada.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Documento acreditativo da súa identidade (no caso de solicitantes estranxeiros que non dispoñan de NIE)☐ Currículo☐ Xustificantes dos méritos alegados no currículo☐ Para cada destino solicitado, proxecto didáctico de docencia en prácticas

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia da titulación universitaria (no caso de titulacións de universidades estranxeiras) ou acreditación de que foi solicitada			
☐ En relación coa titulación exixida (nacionais ou estranxeiros), copia da certificación académica persoal ou acreditación de que foi solicitada, con expresión da nota media do expediente académico			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
Verificación de títulos oficiais universitarios	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ SI ☐ NON

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 13 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022 (código de procedemento PL500F).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: tn1wmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8lxlet59ntx8

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II
(Especificacións das prazas)

Universidade de Heidelberg.

Modalidade:	Contrato laboral cun volume de traballo de 16 horas semanais
Denominación ou categoría laboral:	Lektor/in für Galicisch
Duración máxima:	3 anos
Data prevista de incorporación:	1 de outubro de 2022
Data de remate (respectarase en todo caso):	30 de setembro de 2025
Retribucións integras anuais ¹ :	1º ano: 19.180,00 € (importe bruto) 2º e 3º ano: 20.810,00 €
Perfil da praza:	Estudos Ibero-Americanos (interdisciplinarios), Fil. Románica e de Tradución e Interpretación, concretamente: lingua, sociedade e cultura galegas, lingüística teórica, descritiva e aplicada do galego. Valoraranse os seguintes méritos: 1. Coñecementos de alemán (como mínimo nivel B1)

Universidade de Kiel (Christian-Albrechts-Universität zu Kiel).

Modalidade:	Contrato laboral
Denominación ou categoría laboral:	Lektor für Galicisch
Duración máxima:	3 anos
Data prevista de incorporación:	1 de outubro de 2022
Data de remate (respectarase en todo caso):	30 de setembro de 2025
Retribucións integras anuais ¹ :	20.964,90 €
Perfil da praza:	Estudos literarios e tradución, estudos culturais e urbanos, Camiño de Santiago

Universidade de Miño (Portugal).

Modalidade:	Contrato laboral a termo resolutivo certo
Denominación ou categoría laboral:	Lector/a ao 60 %
Duración máxima:	3 anos
Data prevista de incorporación:	1 de outubro de 2022
Data de remate (respectarase en todo caso):	30 de setembro de 2025
Retribucións integras anuais ¹ :	15.880,40 €
Perfil da praza:	Sen perfil definido

CVE-DOG: tn1wmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8xlet59ntx8



Universidade de Deusto.

Modalidade:	Contrato laboral
Denominación ou categoría laboral:	Licenciado axudante
Duración máxima:	3 anos
Data prevista de incorporación:	1 de setembro de 2022
Data de remate (respectarase en todo caso):	31 de agosto de 2024
Retribucións íntegras anuais ¹ :	17.417,46 €
Perfil da praza:	Sen perfil definido

Universidade de Varsovia.

Modalidade:	Contrato laboral
Denominación ou categoría laboral:	Lector de galego
Duración máxima:	3 anos
Data prevista de incorporación:	1 de outubro de 2022
Data de remate (respectarase en todo caso):	30 de setembro de 2025
Retribucións íntegras anuais ¹ :	15.325,44 €
Perfil da praza:	Sen perfil definido

¹ Retribucións vixentes na data de publicación desta orde.

ANEXO III (Valoración de méritos)

Méritos	Puntuacións
1. Formación:	Máximo 15 puntos
1.1. Polo título de doutor:	1 punto
1.2. Por cada licenciatura ou titulación de grao a maiores da exixida 0,5 puntos:	Ata 2 puntos
1.3. Expediente académico: Valorarase segundo a nota media calculada en función do disposto na Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de setembro de 2011 (DOG núm. 188, do 30 de setembro) e acreditarase mediante certificación académica persoal. A puntuación así obtida tomarase, con dous decimais, pola metade do seu valor.	Ata 5 puntos

CVE-DOG: tnlwmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8xlet59ntx8



Méritos	Puntuacións
1.4. Estar en posesión dalgunha das titulacións detalladas no artigo 6, número 1, letra a)	2 puntos
1.5. Estar en posesión da licenciatura ou grao en Tradución e Interpretación	1 punto
1.6. Asistencia a cursos de formación didáctica no ensino de linguas: ¹	Ata 2 puntos
1.6.1. Ata 25 horas	0,25 puntos
1.6.2. De 26 a 50 horas	0,50 puntos
1.6.3. De 51 a 100 horas	0,75 puntos
1.6.4. Máis de 100 horas	1 punto
1.7. Asistencia a actividades de formación relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas: ²	Ata 2 puntos
1.7.1. Ata 25 horas	0,05 puntos
1.7.2. De 26 a 50 horas	0,10 puntos
1.7.3. De 51 a 100 horas	0,15 puntos
1.7.4. Máis de 100 horas	0,20 puntos
2. Actividade docente e/ou divulgativa e publicacións:	Máximo 7 puntos
2.1. Impartición de cursos, seminarios, relatorios, etc., relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas:	Ata 2 puntos
2.1.1. De 0 a 10 horas	0,05 puntos
2.1.2. De 11 a 25 horas	0,10 puntos
2.1.3. De 26 a 50 horas	0,15 puntos
2.1.4. De 51 a 100 horas	0,20 puntos
2.1.5. Máis de 100 horas	0,25 puntos
2.2. Organización de actividades de difusión e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas (dirección e/ou coordinación): Cando estas actividades fosen realizadas en universidades de fóra de Galicia, valoraranse exclusivamente no punto 3.1.	Ata 1 punto
2.2.1. Ata 25 horas	0,05 puntos
2.2.2. De 26 a 50 horas	0,10 puntos
2.2.3. De 51 a 100 horas	0,15 puntos
2.2.4. Máis de 100 horas	0,20 puntos



Méritos	Puntuacións
2.3. Publicacións relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas: No caso de autoría múltiple, a puntuación que se outorgará será a resultante de dividir os puntos correspondentes entre o número de autores. Acreditaranse mediante orixinais ou copias simples en que consten o ISBN, ISSN ou depósito legal, segundo corresponda, e o índice. (Non se valorarán as publicacións que non o consignent)	Ata 2 puntos
2.3.1. Libros:	
2.3.1.1. Non especializado	0,50 puntos
2.3.1.2. Especializado	1 punto
2.3.2. Relatorios, artigos, recensións, etc.:	
2.3.2.1. Non especializado ou publicacións de curta extensión	0,10 puntos
2.3.2.2. Especializado	0,20 puntos
2.3.3. Material audiovisual:	
2.3.3.1. Non especializado	0,10 puntos
2.3.3.2. Especializado	0,20 puntos
2.4. Docencia no ensino regrado de lingua, literatura e cultura galegas (acreditarase mediante un certificado en que consten os períodos de docencia por curso académico): Valorarase con 0,05 puntos por cada mes ou fracción inferior.	Ata 2 puntos
3. Dinamización e coñecementos:	Máximo 4 puntos
3.1. Organización de actividades de difusión e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, en universidades de fóra de Galicia (dirección e/ou coordinación):	Ata 1 punto
3.1.1. Ata 25 horas	0,20 puntos
3.1.2. De 26 a 50 horas	0,40 puntos
3.1.3. De 51 a 100 horas	0,60 puntos
3.1.4. Máis de 100 horas	0,80 puntos
3.2. Coñecemento da comunidade autónoma ou do país no que se encontre a universidade solicitada, e da súa situación sociocultural (acreditación exclusiva mediante residencia):	Ata 1 punto
3.3. Nivel de coñecemento do idioma ou idiomas propios do país de destino (distintos ao galego ou castelán): ¹	Ata 2 puntos
3.3.1. MCERL A2/ALTE 1	0,25 puntos
3.3.2. MCERL B1/ALTE 2	0,50 puntos
3.3.3. MCERL B2/ALTE 3	0,75 puntos
3.3.4. MCERL C1/ALTE 4	1 punto
3.3.5. MCERL C2/ALTE 5/Licenciatura/Grao	1,25 puntos
3.3.6. Outros (ensino non regrado, residencia no país máis de 3 meses seguidos, etc.)	0,15 puntos



Méritos	Puntuacións
4. Adecuación do currículo presentado ao perfil formativo do destino solicitado:	Máximo 3 puntos
5. Exposición e defensa ante a Comisión de Valoración do proxecto didáctico de docencia en prácticas, investigador e difusor da lingua, a literatura e a cultura galegas que se desenvolverá na universidade solicitada: Valorarase tendo en conta os seguintes criterios: • Destino (ata 1 punto): – Motivación pola que o solicita – Coñecementos sobre a universidade solicitada – Coñecementos sobre a actividade do seu centro de estudos galegos (CEG) – Coñecementos sobre o país ou comunidade autónoma en que se localiza o CEG • Deseño do proxecto docente (ata 3 puntos): – Deseño e estruturación – Coñecementos e fundamentación teórica – Deseño de actividades – Aplicabilidade do proxecto – Bibliografía • Coñecementos e habilidades xerais (ata 1 punto): – Coñecementos técnicos, didácticos e pedagóxicos – Coñecementos sobre a regulación do ensino da lingua galega e sobre a acreditación do nivel de competencia en lingua galega (Celga) – Filosofía e metodoloxía de traballo na aula – Competencias persoais, capacidade de razoamento e de resolución de problemas – Habilidades comunicativas – Empatía, interacción e sociabilidade – Seguridade na exposición dos conceptos que defende – Aptitude e actitude persoal para a realización das actividades – Motivación profesional – Outros aspectos (dominio de idioma, etc.)	Máximo 5 puntos

¹ Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas ou aqueles que non acrediten as horas

² Non se valorarán as actividades de menos de 10 horas ou aquelas que non acrediten as horas

³ MCERL: Marco europeo común de referencia para as linguas. ALTE: Asociación de Avaliadores de Linguas Europeas

CVE-DOG: tn1wmtz8-liz1-p8z5-lyx4-8lxlet59ntx8

